

A VOZ DO CHANO


XORNAL QUINCENAL DO
CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro - Gondomar (Pontevedra)

Venres 14 de outubro de 2022

Os nenos e nenas do noso cole aprenden diferente


O CEIP Chano Piñeiro propón unha forma máis divertida de aprender.

Autores: Bruno, Daniela, Noa e Gabriela..



Os nenos Neste curso 2022/2023 levaranse a cabo diferentes obradoiros co fin de que o alumnado aprenda e se coñeza entre eles.


Cada trimestre levaranse a cabo 6 talleres de diferente temática como robótica, primeiros auxilios, as emocións...Para a realización destas actividades fixéronse grupos de 3 ou 4 nenos e nenas por aula que se xuntarán co alumnado doutros niveis.



Estes obradoiros irán cambiando, polo que no primeiro trimestre o alumnado do centro participará nos seguintes talleres. O de robótica consiste en utilizar pequenos robots para aprender. No obradoiro de decoración temática faise decoración baseada en diferentes películas seguindo o fío do proxecto do cole baseado este ano no cine. No de primeiros auxilios, os nenos e nenas aprenderán a reanimar persoas e como atendelas en caso de emerxencia. Por outra parte, no obradoiro de dramatización traballarán a posta en escena de diferentes situacións. No de emocións, o alumnado aprenderá a xestionar as súas emocións dun xeito divertido e no obradoiro de prensa, o alumnado adicarase a realizar un periódico de tira quincenal que recolle noticias de diferentes seccións. Ademais os nenos e nenas de infantil e primeiro ciclo de primaria tamén realizan outros cinco talleres que son horta, cociña, ciencias e experimentos, astronomía e dramatización e emoción.



Con estas actividades recuperamos a comunicación con outros nenos e nenas e por fin podemos realizar cousas máis divertidas! Que os deparará o seguinte trimestre? Esperamos poder contárvolo moi pronto.



Os nenos e nenas do Chano entrevistan ás Tanxugueiras

Esta semana o alumnado do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro entrevista ás Tanxugueiras, grupo musical galego de moda.

Autores: Anxo, Adrián, Andrea e Sheila.

● Cales son os vosos nomes na vida real?

Aida Tarrío, Olaia e Sabela Mareiro.

● Cales son as cancións máis coñecidas das Tanxugueiras?

Terra, Figa, Panocorado, Averno, Fame de odio, Seghadoras...

● Cantos anos tedes as Tanxugueiras?

Aida ten 24 anos e Olaia e Sabela teñen 31 anos, xa que son irmás xemelgas.



● De onde provén o nome Tanxugueiras?
Tanxugueiras é o nome que reciben as fincas nas que é habitual que merodeen texóns.


● Que estudastes as Tanxugueiras?
Sabela estudou bacharelato e, tras iso, estudou para ser Auxiliar de enfermería. De feito, traballou nalgúns residencias. Olaia ten os mesmos estudos que Sabela, pero traballou tamén en perruquería.
Aida Tarrío é actualmente profesora de pandeireta e baile tradicional.

'Lilo, mi amigo el cocodrilo'

Esta semana o alumnado do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro entrevista ás Tanxugueiras, grupo musical galego de moda.

Autores: Paula, Tania, Jorge e Pedro.

Esta película, dirixida por Will Speck e Josh Gordon estreárase o vindeiro 21 de outubro de 2022 nos cines de toda España. Trátase dunha película musical para todos os públicos na que o famoso actor Javier Bardem canta e baila xunto a un reptil que se comunica a través da música.



Está baseada no libro 'Mi amigo el cocodrilo'.

No libro, un cocodrilo encariñase cunha nena chamada Verónica.

Na película poderemos ver como a familia Primm se muda a Nova York. O fillo coñece a Lilo, un cocodrilo ao que lle gusta bailar e cantar. O seu malvado veciño Mr. Grumps ameaza a vida de Lilo, pero os Primm deben unirse para demostrar que non hai nada de malo nun gran cocodrilo cantante cunha gran personalidade.

A moda otoñal e invernal chega a todas as tendas de roupa.

A moda infantil e xuvenil revoluciona todas as tendas de roupa, incluíndo Zara e O Corte Inglés, que son algunhas das tendas máis famosas.

Autores: Alejandra e Luna.



O cambio de verán a outono revolucionou todas as tendas, incluídas Zara ou O Corte Inglés. Esta temporada, a roupa está relacionada coas cores de outono, como o beige, diferentes tonos de marrón (claro e escuro) e laranxas.

Os deseñadores máis importantes da moda son dende Coco Chanel ata Carolina Herrera, firmas á venda tanto en grandes superficies como en pequenos comercios.

Se non te podes desprazar, non te preocupes. Toda a moda outono - inverno estará dispoñible nas tendas online.



Novos desfiles de moda chegan á cidade do amor

Os novos desfiles de moda chegan a París, facendo que toda a xente se poña ansiosa porque chegue o momento.

Autores: Nerea, Ainara, Gabriel e Alejandro.

A día de hoxe o desfile xa rematou. Comezou o luns 26 de setembro e rematou 4 de outubro de 2022 en París (Francia). Pódense destacar nomes de deseñadores habituais como Balenciaga, Chanel, Miu Miu, Luis Vuitton, Givenchy, Loewe ou Gianbattista Valli.



Neste desfile houbo ata 64 desfiles e 41 presentacións. Na edición deste ano puidemos desfrutar do debut doutras marcas como Zimmerman, Awake Mode e Victoria Beckham, posiblemente unha das máis esperadas polos fashionistas.

A selección prepárase en Italia

A selección española de baloncesto prepararase para o esperado encontro no país veciño.

Autores: Kirian e Yeray.

A selección española de baloncesto viaxará a Bolonia, o próximo mes de novembro para disputar o esperado partido que medirá a Italia nas ventás FIBA.

A nosa selección medirase co país veciño de Italia no vindeiro mes. A Federación Española de baloncesto e Virtus, equipo dirixido por Sergio Scariolo, mantiveron un encontro este martes e pecharán que a recente campiona de Europa prepare a cita nas instalacións do Clube de Emilia-Romaña.

Unha delegación da FEB, encabezada polo seu presidente Jorge Garbajosa, desplazouse ata a cidade italiana para manter unha reunión de traballo con Luca Baldrini e Paulo Ronci, director executivo e director xeral do Clube respectivamente.

Mentras tanto os xogadores están entrenando a un alto rendemento para dar o mellor de si no esperado encontro.




Autores: Diego, Aldara e Lara.

ATOPA AS DIFERENCIAS



Busca na sopa as palavras da lista. Podem estar em horizontal, vertical ou diagonal.

SOPA DE LETRAS



Os cativos do Chano interpretam con humor a subida de prezos dos últimos meses.

Alumnado que participa

Handwritten list of names: Paula, Bruno, Tania, Jorge, Nedea, Gabriel, Xero, Diana, Lara, Aldara, Lúria, Knion, Andrey, Diego, Adrián, Daniel, Nba, sp, G, Daniela.